

O venres 12 de xuño comezamos de madrugada da excursión de fin de curso de 4º da ESO. Despois de días, semanas e meses de organización e moita ilusión subimos as maletas ao buse dispoñémonos a dar por inaugurada a viaxe que marcará as nosas vidas . A música, as paradas para almorzar, o bo humor e as risas acompañánnos ata Zaragoza. Nesta cidade, paramos para comer e aproveitamos para coñecer as orixes romanas do seu topónimo, Caesar Augusta, pasando polo reino da Taifa de Zaragoza ou a Batalla da Independencia. Pontes, igrexas e esculturas caen atrapadas nas nosas cámaras baixo un sol abrasador.



Continuamos a viaxe ata chegar a Espot no Pirineo Leridano para desfacer as mochilas e prepararnos para a aventura do día seguinte. A paisaxe da estación de esquí déixanos, por momentos, sen fala. Impresionante.



Na mañá do sábado, os todo terreos 4 x 4 lévannos ata o Parque Nacional Estany de Sant Maurici e Aigüestortes. Polo camiño, podemos ver corzos, aguias, pardais etc, no medio de montañas con cumes de máis de 3000 metros de altura en que aínda se conserva a neve. Ademais, o guía-intérprete acompáñanos desde o Lago Sant Maurici ata a cascada de Ratera, mentres nos conta a historia do lugar e nos anima a observar os pinos negros, as faias ou os abetos.





Se a beleza do Pirineo nos enche e... abre o apetito, a tarde non será menos en canto a emocións se refire! Despois de comer, achegámonos ao río Noguera Pallaresa para o descenso do Barranco de Berrós.




Cos corpos enfundados en neoprenos, cueiras e arneses aló nos botamos a pasar unha tarde inzada de aventuras, adrenalina e risas. O que está claro é que o rapel é o que mellor se nos dá! Non houbo cascada nin barranco que se nos resistise!



O descanso no hotel e a cea axúdannos a recuperar forzas para o seguinte día que comeza ben cedo... cunha sesión de rafting! O casco, o neopreno, as botas, o chaleco e a formación que nos dan os guías asegúranos a diversión e que non pasaremos frío nas augas do río, pero aquí non se salva ningún dos foxos, dos movementos da lancha pneumática e da molladura na auga! Monitores, profes e alumnado non libran dun bo chapuzón!



Con moita mágoa e cos recordos na memoria, toca encamiñar os nosos pasos cara Calafell. Chegamos pola tardiña e aproveitamos para coñecer o lugar e descansar un chisquiño de toda as andanzas do Pirineo.



Aquí xa notamos unha calor que "sufriremos" o luns no noso paseo por Barcelona. En calquera caso, a visita guiada e panorámica da cidade danos a oportunidade de abrigarnos baixo o aire acondicionado do bus. Outro conto é a camiñada por volta da Sagrada Familia, pero como resulta impresionante pouca importancia lle damos ás temperaturas.



A xenialidade de Gaudí danos azos para chegar á seguinte parada: o Hard Rock Café en que comemos baixo as guitarras de grandes figuras da música como Slayer ou L. Kravitz.



Aproveitamos a tarde para as compras, tomar algo ou visitar parques no tempo de lecer e dispoñémonos a regresar ao hotel e descansar un chisquiño para recuperar forzas porque aínda temos por diante o momento máis esperado da excursión...



Estamos xa na metade da viaxe e o cansazo nótase. Isto non nos vai impedir que o martes saquemos azos e coñezamos unha cidade marabillosa como é Tarragona. Paseamos o seu casco histórico xunto con tres guías que nos revelan os segredos agochados nas pedras, nas igrexas e ata nas ruínas que nos anuncian grandes teatros e espectáculos dun tempo pasado.





Despois de comer, descansamos nas piscinas do hotel e imos gardando os recordos e as nosas cousiñas nas maletas. Non queremos, pero xa ole a despedida (snif!)



Chegamos ao último día da excursión(que rapidísimo pasou!) e é ao gran peche final: Port Aventura e Ferrari Land!



O parque de atraccións non defrauda e subimos en todo o que nos é posible. Molladuras, velocidade, caídas imposibles, minas, afastado oeste, paisaxes exóticas e ata montañas rusas con formas de dragóns,... Todo o necesario para arrincarnos berros de adrenalina e sorrisos de momentos fantásticos. O mesmo acontece co Ferrari Land en que puidemos ver e tocar auténticos ferraris e, ademais, subir nunha das atraccións máis emocionante do parque.



Despois de todo o día de aventuras e adrenalina, o bus recóllenos para volver a Perillo e regresamos cos petos cheíños de bos momentos e de historias para contar. Non esqueceremos esta viaxe nin todo o que vivimos xuntos e xuntas. Hai experiencias que son máxicas e esta é unha delas.